

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González

D. Leonardo Bermúdez Taboada

D^a. Natalia Pereira Rey

D^a. Aurora Varela Duro

D. Inacio García Couso

D. Antonio Orois Valiño

D.^a M^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D^a Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D^a Begoña Balado Conde

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

ACTA

En Arzúa, 20 de decembro de 2012

Sendo as 20:10 horas reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

Punto 1º) LECTURA E

APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2012.-

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013.-

Por indicación do alcalde, o secretario procedeu a dar lectura do ditame emitido pola Comisión informativa para asuntos do Pleno, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2012; no seguinte sentido:

"Informa a Sra. Torreiro González (do BNG) que deste plan destinarase aproximadamente o 50 % para a execución de obras e o 50% restante para gastos correntes, debido a que estes gastos están aumentando moito.

Deseguido por indicación da presidenta desta comisión, Sra. Varela Duro, o secretario pasou a dar lectura da Circular que remitiu a este Concello o Presidente da Deputación Provincial, sobre a aprobación das Bases reguladoras do POS 2.013, na cal se indica:

-Que o Pleno da Deputación Provincial, na sesión do 26 de outubro de 2013, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos 2013, que se destina aos 94 concellos da provincia, figurando o texto íntegro de ditas bases na páxina web da Deputación e publicándose tamén no Boletín Oficial da Provincia nº 207 de data 30 de outubro de 2012.

-Que a cantidade asignada a este Concello foi de 366.127,21 euros.

-Que o Concello poderá destinar ata o 60% desa cantidade á financiación dos gastos correntes, que teña previsto realizar durante o exercicio económico 2013.

- Que como non está previsto que exista aportación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, porque o proxecto de presupostos xerais do Estado para o exercicio 2013 non contempla financiación para a realización de novos plans de cooperación económica local no ano 2013, e aínda se descoñecen as posibilidades de financiación da Deputación, o POS 2013 concíbese con carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita por tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes da súa financiación; en consecuencia, o Plan que poida aprobarse pola Deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, conforme ao criterio de prioridade previsto na base 6ª.

Tamén se informa que, tendo en conta o disposto nas Bases reguladoras do Plan, elaboráronse os seguintes proxectos técnicos de obras; respetando a previsión de que o importe mínimo de cada obra fose de 30.000 euros:

1.- “Camiño Quintás a Outeiro (Burras)”, por un orzamento total de 38.006,50 euros, que elaborou o enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data novembro de 2012.

2.- “Camiño dos Torneiros (A Mella) e outros”, por un orzamento total de 43.504,07 euros, que foi elaborado polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data novembro de 2012.

3.- “Reposición de pavimento no contorno do mercado de Arzúa”, por un orzamento de execución por contrata de 71.648,32 euros, que foi elaborado polo arquitecto técnico don Luis Fole Barrio, con data decembro de 2012.

4.- “Implantación de medidas de aforro no alumado público”, por un orzamento de execución por contrata de 32.635,50 euros, que foi elaborado polo arquitecto técnico don Luis Fole Barrio, con data decembro de 2012.

E igualmente infórmase que existe outro proxecto técnico para a súa inclusión no Plan Complementario, que foi elaborado polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data novembro de 2012, co título “Camiño en Fonxe (Santa María) e outro”, por un orzamento total de 30.000 euros.

Tras manifestar os concelleiros asistentes a súa conformidade coas obras indicadas, para a súa inclusión no Plan de Obras e Servizos 2013 e no Plan Complementario; e que a diferenza, ata completar o orzamento asignado, sexa destinado á financiación de gastos correntes, dos previstos no artigo 26 da Lei 7/1985

de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; para o cal a interventora cumprimentou o Anexo II da Circular, contendo a previsión de gastos correntes que poden ser obxecto de financiación.

Pola Sra. presidenta someteuse a votación ordinaria a aprobación de ditas obras polo Pleno do Concello.

Adoptándose –por unanimidade dos sete membros asistentes (3 do BNG, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente a inclusión das cinco obras indicadas en ditos plans, e propoñer en consecuencia ao Pleno do Concello a súa aprobación; de maneira que o resto da cantidade asignada a este Concello sexa destinada ao pago de gastos correntes, dos indicados no informe de Intervención.”

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que está dacordo coas obras que se van incluír no Plan Provincial, porque foron consensuadas entre os tres grupos políticos representados na Corporación Municipal.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar que, como as obras propostas foron consensuadas por todos, dende o grupo político do Partido Popular damos o parabén.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expoñer que se manifesta na mesma liña que as indicadas, e considera que serán positivas para o pobo as obras que quedaron propostas en harmonía polos tres grupos políticos.

*Do Sr. alcalde para expresar que o acordo dos tres grupos políticos houbo non só nas obras que se propuxeron, senón tamén na porcentaxe que se vai a reservar da cantidade asignada a este Concello, para poder financiar gastos correntes; o cal poderá evitar os problemas de pago que se poideran ter a fin de ano, sobre todo cos gastos de alumeadado público.

Tras todo o exposto, o alcalde someteu a votación ordinaria os puntos que constan no modelo de acordo que remitiu a este Concello a Deputación Provincial, e que resultan ser coñecidos por todos os asistentes;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.-Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
CAMIÑO DE QUINTAS A OUTEIRO (BURRES)	36.106,17 €	1.900,33 €	38.006,50 €
IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS AFORRO NO ALUMEADO PÚBLICO	31.003,53 €	1.631,77 €	32.635,30 €
REPOSICIÓN DE PAVIMENTO NO CONTORNO DO MERCADO DE ARZÚA	68.065,90 €	3.582,42 €	71.648,32 €
CAMIÑO DE TORNEIROS (A MELLA) E OUTRO	41.328,87 €	2.175,20 €	43.504,07 €
SUBTOTAL OBRAS	176.504,47 €	9.289,72 €	185.794,19 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	189.622,74 €

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	176.504,47 €	9.289,72 €	185.794,19 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	189.622,74 €		189.622,74 €
T O T A L	366.127,21 €		375.416,93 €

Segundo.- Aprobar o Plan complementario do ano 2013 no que se inclúe a obra que a continuación se indica, e aprobar o correspondente proxecto técnico:

Denominación da obra	Presuposto
CAMIÑO EN FONXE (SANTA MARÍA) E OUTRO	30.000,00 €
TOTAIS	30.000,00 €

Terceiro.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o Concello a incluír, no orzamento municipal do 2013, os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial de A Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Oitavo.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Punto 3º) RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS EN CONTRA DA ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA.

Polo secretario dásese lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2012; no seguinte sentido:

“Pola presidenta coméntase que, respecto deste asunto, existe un informe da técnica de administración xeral que foi quen elaborou a ordenanza, e que o mellor sería que ela mesma tomase a palabra e explicase en qué consisten esas alegacións, así como a contestación ás mesmas.

Toma a palabra a técnica de administración xeral indicando que, pola “Confederación Gallega de Empresarios de la Madera” (en diante, CONFEMADERA), presentouse un escrito de oposición á aprobación desta ordenanza, sobre a base das seguintes alegacións:

A) Incompetencia do Concello de Arzúa para regular as operacións de corta e saca de madeira.

B) Concorrencia de sancións.

C) Infracción do principio de igualdade e legalidade.

Continúa explicando a técnica de administración xeral as razóns polas que, segundo o seu criterio e de conformidade co establecido no seu informe, estas alegacións deberían de resultar desestimadas:

●En primeiro lugar, en relación á incompetencia do Concello de Arzúa para regular as operacións de corta e saca de madeira: esta alegación debería resultar

desestimada, porque o Concello de Arzúa non pretende en ningún caso regular as operacións de corta e saca de madeira, nin a actividade forestal (como se indica na alegación de CONFEMADERA), senón a protección e conservación dos camiños, e polo tanto, o título competencial -no que se basea o Concello para regulamentar esta materia-, é o artigo 25.2.d) da Lei de Bases do Réxime Local (“O Concello exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:...conservación de camiños e vías rurais”); xunto co artigo 80.2.d) da Lei de Administración Local de Galicia, que repite en idénticos termos o disposto no artigo anterior. Non existe, xa que logo, coa aprobación desta ordenanza, extralimitación competencial algunha por parte do Concello.

●En segundo lugar, en relación á concorrencia de sancións previstas nesta ordenanza, coas establecidas na Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial; e coas previstas na Lei de Estradas: esta alegación debería resultar desestimada, porque a concorrencia de sancións, tal e como está configurada no noso ordenamento xurídico só está prohibida cando concorre unha triple identidade: subxectiva, fáctica e causal, é dicir, cando con esa dobre imposición se infrinxe o coñecido principio “non bis in idem”, en virtude do cal, non se poden impoñer sancións penais ou administrativas por uns mesmos feitos xa sancionados, sempre e cando concorra identidade de suxeito, feito e fundamento.

Neste caso en concreto, sen embargo, o ben xurídico protexido en ámbalas dúas normas xurídicas, non é o mesmo. O fundamento da Lei de tráfico é a protección do tráfico de vehículos a motor e da seguridade vial, para evitar lesións de dereitos individuais e colectivos que deben ser obxecto de protección pública. A ordenanza do Concello fundaméntase na protección e conservación dos camiños e vías públicas da súa titularidade; co cal, non coincidindo os bens xurídicos protexidos (fundamentos) das dúas normas, xa teríamos que descartar a prohibición de concorrencia de sancións neste caso.

Asemade, os supostos de feito contemplados na ordenanza son mais amplos que os do artigo 65.4.n) da Lei de tráfico, aludida no escrito alegacións; é dicir, tampouco concorre a identidade fáctica necesaria para apreciar a concorrencia.

Respecto da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas, cabe sinalar que o ámbito de aplicación da mesma refírese ás estradas de titularidade estatal, non aos camiños e vías públicas municipais, logo tampouco existe concorrencia de sancións neste caso.

●En terceiro e último lugar, en relación á infracción do principio de igualdade e legalidade: esta última alegación tamén debería resultar desestimada, porque as operacións de saca de madeira non se limitan a un simple transporte da madeira como se da e entender na alegación. Gran parte das operacións de carga e descarga, así como as manobras necesarias para o acceso aos montes, realízanse nas mesmas vías públicas que non están concibidas para eses usos, e por iso se producen maiores danos e desperfectos que cando se trata de camiións de transporte de outras mercancías cuxa actividade se limita a un simple paso sen mais.

A actividade de saca de madeira supón un uso común especial das vías públicas como consecuencia da maior intensidade que se fai no uso das mesmas, e xa que a diferenza de trato se produce entre situacións que non poden considerarse iguais, non se considera infrinxido o principio de igualdade nin de legalidade.

Informa tamén a técnica de administración xeral que a ordenanza contempla un requisito que lle parece importante e que non se esixe na maioría dos concellos, cal é, a necesidade de que os madeireiros depositen unha garantía a prol do concello, con carácter previo á execución das súas operacións. Dita garantía seralles devolta ou non, unha vez rematados os seus traballos, segundo resulte do informe dos Servizos Técnicos Municipais no que se deixe constancia do cumprimento ou incumprimento das obrigas das que a garantía debe responder

Intervén a Sra. Balado Conde (do P.S.de G – PSOE) manifestando que esta normativa parécelle moi necesaria; que hai moitos concellos, como o de Boimorto, que lles están esixindo dende fai tempo aos madeireiros moitos requisitos para a realización do seu traballo, e que está de acordo con isto porque é certo que en moitos casos deixan as pistas intransitables.

Intervén o Sr. Orois Valiño (do PP) manifestando que teñen que estudar a fondo as alegacións, e que en principio o grupo político do PP vaise abster. Que están de acordo en que aquí non se regula a saca de madeira, senón a protección dos camiños, pero que outros temas teñen que estudialos un pouco mais. Que si nos demais concellos non se esixe a garantía, e chégalles co seguro de responsabilidade civil, terán que valorar o tema e decidir tendo en conta os dous puntos de vista.

Contesta a técnica de administración xeral que ela non dixo que en todos os demais concellos non se esixise esa garantía, senón que non se esixía na maioría deles. Explica tamén que no momento de elaboración desta ordenanza pareceulle un criterio acertado esixila xa que, como se indica no seu informe, o feito de que os madeireiros dispoñan de seguro de responsabilidade civil, non se traduce precisamente en que teñan un especial coidado á hora de executar os seus traballos, logo esa garantía específica vai producir un efecto disuasorio do que carece o seguro, ademais de ser completamente lícita, e moito mais operativa que este último. Por último, engade a técnica de administración xeral, que os únicos intereses que ela defende son os do Concello, e non os dos madeireiros.

Intervén a Sra. Varela Duro (do BNG), manifestando que ela está de acordo con que se lles pida esta garantía, xa que unha vez que rematen os seus traballos, si cumpriron coas súas obrigas, devólveselles o seu importe.

Toma a palabra o Sr. Orois Valiño (do PP) aclarando que el é sabedor de que a técnica de administración xeral fai o seu traballo coa mellor intención, pero que hai algunha cuestión que se podería mellorar. Que el xa manifestou no seu momento que na ordenanza debería de quedar claro o prazo que ten o Concello para inspeccionar os camiños unha vez que rematen os traballos os madeireiros, xa que tal como se expresa no texto, pódese entender que si os madeireiros causan uns danos de valor superior ao importe da fianza, poderían abandonala en favor do Concello sen pedir a devolución, e si o Concello inspecciona os camiños pasados uns meses, unha vez que se lles fixera a reclamación aos madeireiros, poderían alegar que non foron eles quen es fixeron eses danos.

Responde a técnica de administración xeral que a ela non lle parece necesario sinalar eses prazos. Que no momento en que elaborou a ordenanza xa pensou nesa posibilidade, pero que finalmente considerou que un prazo cerrado neste caso solo creaba unha obriga para o Concello. Ademais, contemplándose na ordenanza a necesidade de que os madeireiros sinalen na comunicación previa as datas de inicio e de remate dos seus traballos, pasa a formar parte da dilixencia propia do Concello realizar a visita de inspección o antes posible despois do remate dos traballos, e non deixar pasar meses sen facela.

Insiste o Sr. Orois Valiño (do PP) en que aínda así sería unha mellor opción fixar de antemán ese prazo na ordenanza, porque dese modo evitaríanse posibles ambigüidades.

Contesta a técnica de administración xeral que non cree que exista ambigüidade ningunha na ordenanza. Que o feito de que non se estableza un prazo concreto para facer a visita de inspección non quere dicir que esa visita non se vaia facer o antes posible, en función das prioridades do Concello. Asemade, o feito de que na ordenanza se aluda á visita de inspección a propósito da solicitude de devolución de fianza, non implica que esa visita non se teña que facer igualmente, aínda que o madeireiro non solicite a devolución da mesma, posto que no mesmo artigo sinalase mais adiante que cando o importe desa garantía non chegue a cubrir os custes que conleve a reparación e limpeza dos camiños ou espazos públicos utilizados, recadarase a diferenza en concepto de ingreso de dereito público, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan; o que implica que para a correcta aplicación da ordenanza, a visita de inspección ten que facerse igualmente unha vez que se rematen os traballos.

Manifesta a Sra. Varela Duro que ela está de acordo en que se estableza un prazo si, como se está falar, pode servir para aclarar o tema, e non prexudica os intereses do Concello.

No mesmo sentido se manifestan o resto de vocais da Comisión Informativa.

Toma a palabra a técnica de administración xeral aclarando que non ten inconveniente ningún en introducir ese prazo si esa é a vontade dos membros da Comisión; que ela está para facer o que lle manden; e que presentará para o Pleno a nova redacción coa introducción dese prazo para que a revisen, pero que en todo caso, o tema que se estaba a debater neste apartado non era o do prazo, senón a resolución das alegacións presentadas en contra da ordenanza pola Confederación de Madeireiros.

E sen mais intervencións someteuse o asunto a votación ordinaria; adoptándose o acordo de informar favorablemente a desestimación das alegacións presentadas en contra da ordenanza pola Confederación de Madeireiros, por catro votos a favor (das tres concelleiras do BNG e da concelleira do P.S. de G – PSOE) e tres abstencións (dos tres concelleiros do PP).”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que está de acordo con esta normativa, só hai que ver como están as pistas dos nosos montes, que están intransitables.

- Que non sabe ata que punto é obrigatorio que os madeiristas teñan un seguro, pero se o teñen seguen sen estar transitables, porque están sen arranxar.

- Que noutros concellos, como Boimorto, xa hai anos que hai esta normativa; e con ela cambiou bastante todo, porque esas normas contribúen a que haxa menos gastos por parte do concello.

- Que tamén lle parece ben o que se dixo na sesión da comisión informativa, para que se matizara o tema dos prazos previstos no artigo 6 da ordenanza, porque así o concello tería máis garantías.

*Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que, tal como indicara na sesión da comisión informativa, considera que é convinte que quede reflectido na ordenanza a matización dos prazos para emitir os informes por parte dos servizos técnicos municipais, porque é fundamental que as normas sexan claras; non pode ser que non se fixara un prazo de inspección despois da saca de madeira, para así poder determinar se a responsabilidade dos danos nas pistas forestais e camiños é dos madeireiros ou non.

- Que a técnica de administración xeral di que os únicos intereses que defende son os do concello, e nós temos que defender os intereses do concello e os dos madeireiros, porque tamén temos que defender calquera tipo de industria.

- Que como hai algunha cousa na ordenanza, na que nós non estamos de acordo na forma de expresala, ímonos abster na votación deste asunto.

*Pola Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar que, dado que está suficientemente fundamentada a contestación que figura no informe emitido pola técnica de administración xeral, con respecto ás alegacións presentadas pola Confederación Galega de Empresarios da Madeira, seguimos na mesma liña de aprobar a ordenanza, porque esta ordenanza vai supoñer unha garantía para que as nosas pistas e camiños queden nun estado de viabilidade axeitado.

Tras todo o exposto, e tendo en conta o informe emitido con data 22 de decembro de 2012, pola técnica de administración xeral en relación coas tres alegacións presentadas pola Confederación Galega de Empresarios da Madeira.

O Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a estimación ou non de tales alegacións e a anulación ou non desta ordenanza.

Adoptándose –por sete votos (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- o acordo de desestimar esas alegacións e aprobar definitivamente a ordenanza presentada reguladora da protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación coas operacións de saca de madeira.

Polo que, unha vez que quedou aprobada definitivamente dita ordenanza, procederá a publicar integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, introducindo as seguintes matizacións no seu artigo 6º, propostas polo voceiro do grupo político do Partido Popular:

No nº 2.- Que o prazo para que os servizos técnicos municipais emitan o informe, onde se concrete o importe da garantía en función das características das operacións a realizar: Será de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte ao da presentación do escrito de comunicación previa e da documentación sinalada no nº 3 do artigo 4.

No nº 5.- Que o prazo para que os servizos técnicos municipais emitan o informe, no que se deixe constancia do cumprimento o incumprimento das obrigas das que a garantía debe responder, unha vez rematados os traballos de saca de madeira: Será tamén de cinco días hábiles, a contar desde o día seguinte ao previsto no escrito de comunicación previa para rematar os traballos de saca de madeira.

De maneira que a citada ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicada no Boletín Oficial da Provincia e transcorran tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2, en relación co artigo co artigo 65 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Punto 4º) MOCIÓN PRESENTADA POLO VECEIRO DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR O DÍA 8 DE XUÑO DE 2012 (REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 1.268), EN CANTO Á SEGUNDA PARTE DA MESMA REFIRIDA ÁS ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS, QUE QUEDOU PENDENTE DE RESOLVER NA SESIÓN PLENARIA DO 30 DE XULLO DE 2012.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2012; no seguinte sentido:

“Intervén o Sr. Orois Valiño (do PP) para explicar:

- Que no Pleno celebrado o día 30 de xullo de 2012 aprobouse a primeira parte desta moción, a través da cal propoñíase que as sesións ordinarias do Pleno se celebrasen con carácter bimensual.

- Que o segundo punto desta moción, que tratataba sobre a revisión das subvencións aos grupos políticos, acordarase deixalo sobre a mesa para estudialo mellor, con vistas a ser acordado nunha vindeira sesión plenaria; pero como despois presentou a dimisión o concelleiro do grupo socialista Sr. Pintor Vázquez, esperouse -como un acto de deferencia- a que tomara posesión do seu cargo a Sra. Balado Conde, para que poidera estar presente na sesión onde se tratase esta moción.

- Que cando se formou a nova corporación, por unha serie de factores que mellor sería que non constasen en acta, aprobaronse unhas subvencións máis o menos igualitarias para os grupos políticos que forman parte desta corporación;

pero despois do tempo transcorrido consideramos que xa e hora de volver a uns cauces máis equitativos e equanimes.

- Que a proposta que fai o seu grupo, na cal pode haber variacións, xa que non é unha proposta fixa, é a seguinte: cincuenta euros por grupo político e cincuenta euros por concelleiro; así os grupos políticos, que forman parte da Corporación, recibirían as seguintes cantidades:

- Bloque Nacionalista Galego (6 concelleiros).....350 euros.*
- Partido Popular (6 concelleiros).....350 euros.*
- Grupo mixto (1 concelleiros).....100 euros.*

-Que cando se fixaron as subvencións aos grupos políticos e concelleiros, na sesión plenaria do 14 de xullo de 2011, aprobáranse por unha cuestión que non lle gustaría explicar neste momento; sendo hora de que se volva a unha situación máis axustada que reflicte a proporción de representación que hai no concello.

- Que lembra que nese Pleno a Sra. Varela Duro (do BNG) tamén dixo que había unha certa desproporción e que habería que correxila, e nos tempos que corren temos que baixar todos un pouco as subvencións os grupos políticos.

- Que esta é unha proposta que podería variarse, poderían admitir outro tipo de propostas como por exemplo: que o BNG e o PP cobraran 300 euros cada un e o grupo mixto 150 euros, e o máximo que se pode defender, aínda que tamén hai certa desproporcionalidade.

-Que, como pensamos que se pode realizar un aforro, vai ser moi fácil defender ante a opinión pública esta rebaixa.

**Con respecto o que di o Sr. Orois Valiño de que temos que aforrar todos un pouquiño, manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que iso no é xusto, porque a nós quitannos 210 euros e a o PP 10 euros.*

**Indica o Sr. Orois Valiño (do PP) que o PSOE estivo cobrando unha subvención superior a que lle correspondía.*

**Intervén de novo a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar, que como grupo político teñen os mesmos gastos que poida ter o grupo do PP ou o do BNG; todos temos que pagar un local, cos gastos que iso supón, ou atender tamén aos gastos das campañas electorais.*

**Manifesta o Sr. Orois Valiño (do PP) que se cinco concelleiros se foran ao grupo mixto, a subvención de concelleiros levaríanna, e quedaría a de grupo político, o grupo mixto así quedaría con 300 euros ou o que lle correspondese, e os demais partidos quedarían sen a subvención dos concelleiros; defendemos esta teoría porque é proporcional.*

**Manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE):*

-Que o seu grupo non defende esta teoría; por esa regra de tres nós poderíamos presentar unha moción pedindo que non se cobre por asistencia os plenos nin ás comisións.

-Que aquí aforrase a conta do Partido Socialista, esta é unha moción en contra de PSOE e non para aforrar.

**Indica o Sr. Orois Valiño (do PP):*

- Que o aforro que suporía ao Concello, se se aprobara a moción presentada, sería de 2.760 euros ao ano.

- Que se estivera na situación da Sra. Balado Conde, con un concelleiro só, daríalle vergoña cobrar o mesmo que os outros partidos que teñen mais representación no concello.

**Engade a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que ela ve normal que se estea cobrando o que se está cobrando.*

**Intervén a Sra. Varela Duro (do BNG) para indicar:*

- Que isto é unha polémica bilateral entre o grupo PSOE e o PP.

- Que o de cobrar en función dos concelleiros que ten cada partido existiu sempre, outra cousa é a cantidade fixa por grupo político.

- Que nós naquel pleno de data 14 de xullo de 2011, fixeramos unha proposta que era de 80 euros como cantidade fixa por grupo político e 40 euros por concelleiro, o que suporía para o PSOE a asignación dunha cantidade de 120 euros; cantidade que se pode considerar un pouco ridícula, pero comparandoa coa representatividade que ten o PP e o BNG a proporción non é tan descabellada; iso non quere dicir que ao mellor intentemos aproximar un pouco as propostas de cada un.

- Que entendemos o malestar que pode ter o partido do PSOE, pero o cobrar en función da proporcionalidade de cada grupo existiu sempre, xa que non é o mesmo ter como representación unha concellería que ter catro ou cinco.

- Que esa subvención saíu favorable naquel momento co voto en contra do BNG e con voto a favor do PSde G-PSOE e o PP.

**Manifesta o Sr. Orois Valiño (do PP):*

- Que intenta aforrar todo o que pode para o Concello, por iso propuxeron que os plenos volveron a ser bimensuais.

- Que o país cambiou e hai que recortar as asignacións de todos.

- Que en calquera órgano as asignacións que se cobran son en función á proporcionalidade da representatividade.

- Que esta é unha anomalía que se mantivo durante un tempo e o Partido Popular trata de corrixila, non se lle pode dar 310 euros a un grupo que actualmente ten un só concelleiro.

** Indica a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE):*

- Que hai cousas máis importantes en que se pode aforrar, antes que intentar aforrar a conta do seu partido.

- *Que os cartos non son para o concelleiro senón para o partido.*

**Indica a Sra. Varela Duro (do BNG):*

- *Que non cre que haxa que interpretalo como un castigo o PSOE, porque cando estivo no grupo da oposición AIA, estaba composto por unha concelleira nada mais, a cal cobraba unha miseria, e tamen tiña gastos e tiña que prepararse; hai un traballo que non hai que desestimar detrás de cada persoa que se adica á política.*

-*Que tamén hai que admitir que a condición da Sra. Balado Conde como representante do PSOE non e a mesma que a dos representante do PP neste momento.*

- *Que non entende porque ten que cobrar a mesma cantidade o PSdeG-PSOE que o BNG e o PP se sempre se cobrou conforme a proporcionalidade.*

- *Que esta situación douse porque houbo un acordo entre o PSOE e o PP, se desde o principio se aceptara 100 euros por grupo político e 50 euros por concelleiro xa estaba todo solucionado.*

**Intervén o Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar:*

- *Que cando houbo algún acordo para aforrar el sempre estivo a favor e tamén os seus compañeiros do PP.*

- *Que esa situación tamén hai que revertila igual que se fixo coas sesións do Pleno.*

- *Que para tratar de desgastar o goberno ao grupo político do PP podía convirille que se celebrase unha sesión plenaria cada mes, pero renunciaron a iso, porque estamos nunha situación de crise, e imos tratar de aforrar por todos os lados que poidamos, se algún sae prexudicado que lle imos facer.*

** Manifesta a Sra. Varela Duro (do BNG):*

- *Que van esperar a celebración do Pleno, para consensuar as cantidades entre todos e probablemente non aceptemos a cantidade de 100 euros para o grupo do PSOE.*

-*Que dende sempre o partido que tivo menos representación cobrou menos, que houbo ese acordo entre o PSOE e PP, pero tampouco é xusto o que se esta cobrando porque existe un agravio comparativo.*

** Indica a Sr. Balado Conde (do PP):*

- *Que teno que comentar cos seus compañeiros, porque consensua sempre todo con eles.*

-*Que presentaran tamén mocións para o tema do aforro.*

- *Que tamén sería unha forma de aforrar non cobrar por asistencia os Plenos.*

**Indica o Sr. Orois Valiño que hai que volver a normalidade.*

**Manifesta a Sra. Varela Duro (do BNG) que o seu grupo presentara no Pleno unha proposta conciliadora, non propondrán nin o máximo que estaba, nin o mínimo que propón o PP na moción.*

Tras o exposto, a presidenta someteu a votación ordinaria a aceptación desta moción, pero coa matización de que quedarán pendentes de debatir no pleno as cantidades que se asignaran a cada grupo político.

Pronunciándose a favor seis concelleiros (3 do BNG e 3 do PP) e en contra un (do grupo PSdeG-PSOE); polo que, en consecuencia, proponse incluír esta moción na orde do día da vindeira sesión plenaria, para fixar alí as asignacións a cada grupo político”.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que esta moción está na liña da política de aforro que se dixo que ía facer o grupo do Partido Popular.

- Que fálase sempre do grupo socialista, pero no concello non existe un grupo socialista, existe un grupo mixto; e na acta da sesión plenaria celebrada o día 26 de outubro de 2012 -en que tomou posesión do cargo a concelleira do Partido Socialista- consta expresamente: *“que dita concelleira queda integrada na Corporación Municipal a todos os efectos, quedando incorporada como única integrante do grupo mixto, en substitución de Xabier Pintor”*; isto quere dicir que a subvención sería ao grupo mixto, e este grupo pode incrementarse durante o mandato da Corporación.

- Que nós admitimos unha variación respecto á moción presentada inicialmente, e que as subvencións ao grupo do BNG e ao grupo do PP quedasen 300 euros, mentres que a do grupo mixto pasase a 150 euros; posto que o lóxico é que haxa unha certa proporcionalidade, pero aínda así habería unha desproporción evidente.

- Que está claro que hai cousas que afectan ao Partido Socialista, pero tamén antes afectaron ao grupo popular, cando tivo dous concelleiros, pois tivo que pechar a sede; pero son situacións que se dan; hoxe está a Sra. Balado Conde integrada no grupo mixto, pero dentro de catro anos pode estar algún concelleiro do PP ou do BNG ou doutro partido. A política é unha cuestión de risco, quen decide é o cidadán, e pon a cada un no seu sitio nun momento determinado, foi unha desgracia para o Partido Socialista que só conseguise un concelleiro e foi a fortuna para os demais partidos ter seis concelleiros, porque así o quixo o pobo.

- Que estamos volvendo a unha situación de normalidade, o acordo tomado na sesión do Pleno celebrada o día 14 de xullo de 2011 non tiña un tempo indefinido; e todo o que sexa aforrar para o concello de Arzúa ímolo manter. Non é nada en contra do Partido Socialista é algo que vai a favor do sentido común, equivocámonos no momento que aprobamos naquela sesión plenaria a outra proposta que presentou o Sr. Pintor Vázquez.

- Que cre que é razoable, non ten nada persoal contra o Partido Socialista nin contra os seus militantes; pero a situación que o Partido Socialista cre que é permanente, non é así.

- Que se di que o aforro é pequeno, pero si aforramos 2.500 euros neste concepto veñenlle ben ao concello para atender outras necesidades; e se ese aforro se considera despreziable non pasa nada, pola súa parte non vai haber rencor cara ninguén.

*Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que pensamos que esta non é unha moción contra o Partido Socialista, senón unha moción contra unha persoa, pensámolo nós e tamén a maioría da xente.

- Que a nos quitábensenos 210 euros e ao grupo político do BNG e ao do PP 10 euros cada mes, e non é lóxico, porque aquí estamos falando dunha formación política que ten a mesma actividade política que as outras, como por exemplo as campañas electorais.

- Que hai outras formas de aforrar, como por exemplo, por asistencias as sesións do Pleno non cobrando todas as asignacións, isto sería unha forma de aforrar mil e pico euros, e ademais estaríamos en solidariedade cos empregados do concello que non cobran a paga extra.

*Pola Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que imos votar en contra desta moción porque, posteriormente a celebración da Comisión informativa, consideramos que este tipo de cuestións deberíamos valoralas entre os voceiros dos distintos grupos e consensualas.

- Que se nos poñemos de acordo noutras cousas de mais calado, con este tema tamén poderíamos chegar a un acordo, e consensualo antes de levalo ao Pleno a través dunha moción.

*Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que lle parece moi ben consensuar as cousas, pero sempre estamos consensuando cuns prazos que son demasiado longos, porque preséntase unha moción no mes de xuño, hai cinco meses, é habería que esperar outros cinco meses a consensualo.

- Que ve que o que se di nas comisións non se respeta, nós tamén fixemos o mesmo para votar un cable ao alcalde cando se tratou sobre o tipo impositivo do imposto sobre bens inmobles.

- Que o que se di nas comisións e moi fácil de variar, e asumen o cambio de criterio do BNG; o que se ve é que se intenta quedar ben con toda a xente, pero iso custalle cartos os cidadáns, o que lle parece mal.

*Pola Sra. Varela Duro (do BNG) para exprear:

- Que non é a primeira vez que se varían os acordos dunha comisión informativa, porque non era un compromiso firme e non se pactara nada definitivamente; peor é cando se di que se van tocar as pensións ou non se van subir os impostos, e se fai.

- Que na sesión da comisión informativa non se adoptou un compromiso firme; aínda que ela segue pensando que a proporción nas asignacións aos grupos políticos existiu sempre.

*Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para lembrar que, na acta da comisión informativa, consta que a Sra. Varela Duro manifesta “*que o seu grupo presentara no Pleno unha proposta conciliadora, non propondrá nin o máximo que estaba nin o mínimo que propón o Partido Popula na moción*”. Isto non o invento eu.

*Polo alcalde, para expoñer:

- Que nunha comisión podense dicir moitas cousas e, despois de falar co resto do grupo, matizalas.

- Que é certo que a moción está presentada desde xuño, pero tamén é certo que se produciu a dimisión do Sr. Pintor Vázquez.

- Que se falamos de alterar algo que se dixo na comisión, o Sr. Orois Valiño tamén esta alterando algo que dixo no Pleno (do día 14 de xullo de 2011).

- Que en temas deste tipo, aínda que coste traballo, hai que facer un esforzo para chegar a un acordo.

- Que, por un aforro de dous mil e pico euros, tampouco lle parece tan urxente para que haxa que tomar xa unha decisión.

Chegado este momento, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria a proposta sobre asignacións aos grupos políticos, representados na Corporación Municipal, contida na segunda parte da moción que presentara o grupo político do Partido Popular o día 8 de xuño de 2012, cuxa moción foi modificada (*tanto na sesión da Comisión informativa para Asuntos do Pleno, celebrada o día 17 do presente mes de decembro, como nesta sesión plenaria, durante a intervención do Sr. Orois Valiño*), no seguinte sentido: 300 euros para o grupo político do BNG, 300 euros polo grupo político do PP e 150 euros polo grupo mixto.

Pronunciándose:

a) A favor de que as asignacións aos grupos políticos sexan as propostas na moción do grupo político do Partido Popular, coa modificación desas asignacións tal como quedaron indicadas: O Sr. Orois Valiño, o Sr. Orois Conde, o Sr. Lodeiro Regueiro, o Sr. Rodríguez Vázquez e a Sra. Vázquez Orois, e

b) En contra desas asignacións, e por tanto a favor de que asignacións aos grupos políticos sexan as mesmas que veñen percibindo: o Sr. alcalde e as seguintes concelleiras do BNG: a Sra. Torreiro González, a Sra. Varela Duro e a Sra. Pereira Rey, así como a concelleira do PSdeG-PSOE Sra. Balado Conde.

c) Absténdose os Sres. Bermúdez Taboada e García Couso (do BNG) e a Sra. Castro Pampín (do PP).

Polo que, ao producirse un empate, a postura que quedou aprobada foi a de pronunciarse en contra das asignacións propostas polo grupo político do Partido Popular; xa que ese empate foi resolto co voto de calidade do alcalde, que mantiña esa postura.

En consecuencia, as asignacións aos grupos políticos seguirán sendo as mesmas que veñen percibindo.

Tras a realización desta votación, a concelleira do Partido Popular dona Cristina Castro Pampín solicitou o uso da palabra para aclarar el porqué se abstivera na votación deste asunto, aínda que se tratase dunha moción presentada polo seu grupo político; indicando que os motivos son: en primeiro lugar, porque non se lle explicaron os detalles desta moción e, tamén, porque non considera moi coherente a moción, hai que ser máis serios; pois o grupo político do PP e o do BNG pasarían de cobrar 360 euros ao mes, a cobrar 350 euros, e neso non ve aforro.

Engade que sí lle parece coherente a manifestación da Sra. Balado Conde de deixar de percibir as asignacións por asistencia ás sesións plenarias.

Punto 5º) MOCIÓN PRESENTADA POLA REPRESENTANTE DO PSdeG-PSOE SRA. BALADO CONDE, CON DATA 22 DE NOVEMBRO DE 2012 (REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 2.612).

Polo secretario dáse lectura do ditame emitido pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2012, en relación con esta moción; no seguinte sentido:

“Pola concelleira do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Sra. Balado Conde, douse lectura de dita moción, para a súa mellor comprensión; sendo o texto da mesma o seguinte:

“Coa crise e o aumento alarmante do desemprego, centos de miles de familias están a chegar a unha situación límite que non lles permite cubrir as súas necesidades máis básicas. O Concello de Arzúa non é alleo a este fenómeno, xa que continúan a producirse cada día máis casos de familias completas con todos os seus membros no paro, familias que ven como un dos seus maiores logros, a súa vivenda, pode estar en perigo por unha execución hipotecaria que pode provocar a perda do inmovible. E aínda por riba de perder a vivenda, estarán expostos a unha condena financeira de por vida.

No procedemento xudicial hipotecario a vivenda pódase e a Lei de Enxuiamento Civil establece que, no caso de non presentarse poxadores, algo que acontece na maioría dos casos, o banco ou a entidade prestamista pode adxudicarse a vivenda polo 60% do valor da taxación. É dicir: non só poden quedar coa vivenda por un prezo moito menor do que se tasou ao asinar a hipoteca, senón que ademais unha boa parte da débeda mantense (unha vez descontado o valor polo que poxou a vivenda), incrementada por grandes gastos xudiciais e honorarios profesionais. Ademais, como resultado de todo iso, aos debedores embárganselles os bens e ingresos, tanto presentes como futuros, para saldar a totalidade da débeda.

Esta lexislación, que non se aplica noutros países, era descoñecida polas familias cando rubricaron as hipotecas. Así, a situación é aínda máis grave, xa que pode considerarse que os hipotecados se viron sometidos a unha publicidade enganosa, sometidos á sobrevaloración das taxacións das vivendas e tamén, a unha linguaxe pouco doada de comprender nos contratos que asinaron.

Hoxe en día, calquera impago pode supoñer o vencemento anticipado de todo o que adebedan, e nos contratos que asinaron agochábanse numerosas cláusulas abusivas, como as do solo-teito, ou dos intereses moratorios, que oscilan entre o 18 e o 20 por cento.

Por todo o exposto, dende a Agrupación Socialista de Arzúa, considérase que se está a vulnerar un dos dereitos fundamentais dos cidadáns, o da vivenda. O artigo

47 da Constitución di que “Todos os españois teñen dereito a unha vivenda digna e adecuada e que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando o uso do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación”.

A perda da vivenda tamén conleva a perda doutros dereitos e impide ás persoas afectadas realizarse no ámbito familiar e profesional, e condeá en moitos casos á marxinación e exclusión social.

En definitiva, a situación de desamparo na que se atopan algunhas das nosas familias, asfixiadas por unha situación laboral cada vez máis insostible e unha hipoteca froito da avidez de especuladores e entidades financeiras, é moi preocupante.

Por tanto, faise necesario intervir con urxencia ante esta dramática situación, que levou a horrorosos desenlaces coa perda de vidas, e que coa duración prolongada desta crise inhumana, estase a agravar día a día.

Ao igual que antes noutros Concellos como Silleda, Ares ou Vigo, e mentres non se cambie desde os órganos competentes estatais a lexislación sobre desafuzamentos (recentemente sinalada incluso por instancia europeas como non garantista dunha necesaria protección eficaz dos consumidores fronte a posibles cláusulas abusivas das hipotecas), desde o Concello de Arzúa queremos aportar as medidas necesarias no ámbito municipal para evitar que se produzan máis desafuzamentos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Arzúa, somete para a súa aprobación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Instar ao Goberno central a unha rápida e contundente modificación lexislativa do procedemento xudicial hipotecario neste país, incluíndo unha moratoria total ou parcial, sen intereses engadidos, das débedas hipotecarias sobre vivenda habitual, a favor das persoas que se atopen en situación de insolvencia sobrevida de boa fe, de tal xeito que se eviten procedementos xudiciais hipotecarios, poxas de vivendas e desafuzamentos que están a deixar na rúa a miles de familias.

Segundo.- Instar ao Goberno para que adopte as medidas necesarias para que, nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, se aplique a dación en pago, regulada no artigo 140 da Lei Hipotecaria, de tal xeito que, a elección do debedor, se poida cancelar, sen execución hipotecaria, a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que isto non fora pactado ao formalizarse a hipoteca.

Terceiro.- Instar ao Goberno para que se adopten todo tipo de medidas tendentes a que os poderes públicos dean cumprimento efectivo ao mandato do art. 47 da Constitución Española, e se estuden saídas xustas á cuestión das vivendas baleiras.

Cuarto.- Dar traslado destes acordos ao Parlamento Autonómico de Galicia, así como ao Congreso e ao Senado.

Quinto.- Máis aló das medidas de competencia estatal, propor a adopción das seguintes medidas para emprender a nivel municipal:

5.1. Eliminación do imposto municipal de plusvalía para as persoas afectadas que sufran a perda da súa vivenda en poxa, e para aquelas que logren a dación da vivenda en pago, naqueles supostos que a lei así o permita.

5.2. Revisión dos protocolos de actuación de Servizos Sociais nos casos de desafiuzamento, e colaboración á hora de pedir aos xuíces a suspensión do desafiuzamento, cando este sexa por motivos económicos e se refira á vivenda única e habitual.

5.3. Non poñer ningún axente da Policía Local a disposición das ordes de desafiuzamento.

5.4. Interpelar ás entidades financeiras que operan no municipio, para esixirlles a paralización dos desafiuzamentos e a condonación de débedas ilexítimas froito do actual proceso de execución hipotecaria, coa indicación de que en caso contrario, procederase á retirada dos fondos municipais de ditas entidades.

5.5. Colaboración dos servizos xurídicos do Concello en todos os casos que o requiran.

5.6. Facultar ao alcalde-presidente para exercitar as accións legais que procedan en defensa dos dereitos da veciñanza de Arzúa.”

Engade a Sra. Balado Conde:

- Que, en relación cos desafiuzamentos, o goberno sacou unha lei como se quixera poñer un parche, que non solucionou o problema; como tampouco se fixo nada nos oito anos de goberno do Partido Socialista.

- Que descoñece se existe algunha familia afectada por este problema en Arzúa, pero si ten coñecemento de que en Melide existen bastantes casos, así como noutros municipios.

- Que o que se pretende con esta moción é que se intente defender a esta xente.

Por parte do Sr. Orois Valiño (do PP) indícase:

- Que o grupo político do PP está de acordo en moitos puntos con esta moción.
- Que quere lembrar que houbo un código de prácticas bancarias que ao final non se levou a cabo.

- Que se as institucións bancarias reciben unhas cantidades tamén teñen que contribuír a que os cidadáns vivamos mellor; e se reciben unha subvención hai que esixirlles que contribúan ao benestar e non poidan votar a ninguén da súa vivenda á rúa.

- Que o que está pasando é que un piso que valía 200.000 euros, agora vale 100.000 euros, ou 60.000 euros como está sucedendo en Madrid; o que sucedeu é que parte da gañancia foi para o promotor.

- Que aquí en Galicia fábase dun 0,47 por 1000 de desafiuzamentos, e no resto de España dun 1 e pico por 1.000.

- Que está de acordo con que se admita a dación en pago, en todos os casos posibles, pero no hai que xeneralizala, habería que entela referida á primeira vivenda

e a casos puntuais; pero entón hai que buscar unha vivenda a esas persoas, para que se lles perxudique o menos posible, e unha forma sería mediante vivendas sociais, que aquí en Arzúa non hai.

Pola Lei Hipotecaria respóndese con todos os bens presentes e futuros, non como en EEUU que se responde coa vivenda.

-Que, en canto á eliminación do imposto do plusvalía como consecuencia da poxa dunha vivenda, considera que este imposto está mal formulado, porque tiña que ser a conta do adquirinte non do vendedor, non debería pagar o que se desprende dunha vivenda, porque significa pagar por algo que perdeu.

- Que, en canto á intervención dos policía locais nun desafuzamento, parécelle unha temeridade manifesta non mandar á policía local a un desafuzamento dunha vivenda, porque se o ordena un xuíz sería unha desobediencia grave, e podería abrir un procedemento penal por denegación de auxilio á xustiza. Neste sentido considera que é unha barbaridade xurídica o que fixo o Sindicato Unificado de Policía; porque a lei hai que cumprila.

- Que a retirada de cartos das entidades bancarias polos Concellos sería outra equivocación, porque habería que formular ¿de que entidades bancarias?, e tería que ser de todas, porque senón seríamos insolidarios con outros casos de desafuzamentos, pois doinos a todos igual que o desafuzamento afecte a unha persoa de Boimorto, de Melide, de Arzúa ou de Valencia poñamos por caso; e todos temos os mesmos dereitos e obrigas.

- Que hai que modificar a Lei Hipotecaria; non hai ningunha lei que poida ter efectos retroactivos no sentido de que perxudique a unha entidade bancaria.

- Que no substancial o grupo político do Partido Popular está de acordo a moción presentada, pero nela hai cuestións que habería que modificar.

Deseguido intervén a voceira do grupo político do BNG, Sra. Varela Duro, para expoñer que no esencial todos estamos de acordo con esta moción, pero considera que habería que facer unhas matizacións:

• Respecto ao punto 5.1 (a eliminación do imposto municipal de plusvalía para as persoas afectadas que sufran a perda da súa vivenda en poxa, e para aquelas que logren a dación da vivenda en pago, naqueles supostos en que a lei así o permita), considera que o pago dese imposto tería que ser a costa do adquirinte da vivenda.

• Respecto ao punto 5.2 (que se refire á actuación dos servizos sociais nos casos de desafuzamentos), considera que na medida en que os servizos sociais son coñecedores desas situacións débese actuar, para levar a cabo tamén a axuda que se poida proporcionar.

• Respecto ao punto 5.3 (o non poner ningún axente da Policía Local a disposición das orde de desafuzamento), entende que o papel da policía é desagradable neses casos, pero se un xuíz di claramente que a policía local debe auxiliar nun desafuzamento, se ela tivera que dar a orde aos policía locais sería difícil dicir que no vaia a policía.

• Respecto ao punto 5.4 (que se refire á retirada dos fondos municipais das entidades bancarias), considera que quen ten que tomar a revancha contra o banco son os afectados, non o Concello como tal.

• Respecto ao punto 5.5. (colaboración dos servizos xurídicos do Concello en todos os casos que o requiran), isto é un asunto delicado, e cabería preguntarse en

que medida pode prestarse ese servizo para que un particular resolva a súa situación; tratase de entrar en cuestións particulares, que -sí se enfocan desde os servizos sociais- si poderían ter cabida neste Concello, a través do Centro de Información á Muller, ao haber unha asesoría mínima a través dun avogado.

Tendo en conta todo canto quedou exposto nas intervencións realizadas, a Sra. Presidenta considerou procedente propoñer ao Pleno do Concello, o pronunciamento sobre o obxecto esencial da moción, e determinar na mesma sesión plenaria as matizacións que resulte procedente introducir nesa moción.

Adoptándose –por unanimidade dos sete membros asistentes (3 do BNG, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de que se inclúa esta moción na orde do día da vindeira sesión plenaria, para que a Corporación en Pleno poida pronunciarse a favor do obxecto esencial da mesma, introducindo ao mesmo tempo as matizacións que considere procedentes.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que a Lei Hipotecaria é unha lei antiquísima, que non a cambiou nin o Partido Popular nin o Partido Socialista.

- Que hai moita xente que se está quedando sen casa, e o peor de todo é que lle vai quedar unha débeda para toda a vida; e isto vai aumentar porque cada vez está quedando máis xente no paro.

- Que aínda que neste concello non hai coñecemento de que exista algún problema deste tipo, co tempo ao mellor pode aparecer.

- Que esta moción xa a presentara no mes de novembro e, se é necesario matizar algún punto da mesma, pódese cambiar, como se dixo na sesión da comisión informativa.

*Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que está de acordo coa Sra. Balado Conde, pero dende o noso punto de vista hai certos puntos da moción que non son xustos.

- Que é unha desgracia que calquera persoa quede na rúa, e a dación en pago debería considerarse sempre nestes casos onde a xente poida quedar en risco de exclusión social; iso non o pon ninguén en dúbida.

- Que, respecto a eliminación da plusvalía, nós queremos que se elimine o pago da plusvalía á persoa que se lle quita a vivenda, pero iso supón unha merma de ingresos ao concello, e nós queremos que -se o banco se queda ca vivenda- pague el a plusvalía; pero se unha persoa ten que vender a casa porque vanlla embargar, é outra persoa aproveitase desa situación para comprala, o normal é que o comprador lle pague a plusvalía ao concello. E iso é o que nós queremos modificar, para que os concellos non se vexan prexudicados; pero non a costa da persoa que perde a vivenda senón a costa da persoa que se beneficia de que outro perda a vivenda.

- Que, sobre os servizos sociais, estamos totalmente de acordo, pero hai que lembrar que aquela xente que quede sen recursos ten a asistencia xurídica gratuita; pero

non só deben axudar os servizos sociais, senón todos nós temos que axudar a que esas persoas non queden excluídas socialmente e en situación de desamparo.

- Que, en canto a que non se mande a policía local, non estamos de acordo, porque é unha auténtica barbaridade xurídica, é pedir a insumisión a lei. Cando un xuíz manda un escrito a unha autoridade, para que a policía local acompañe a unha comisión xudicial a facer un desafuzamento, están obrigados por lei a mandalos; non lle pode dicir o alcalde a un xuíz que non, porque é unha desobediencia.

- Que outro punto era que o concello cancelase as contas naquelas entidades bancarias que desfiuzasen a unha persoa, e quere dicir que se un banco desafiuzara a unha familia el sería o primeiro en retirar a conta, pero temos que ser solidarios con todas as familias que se desafiuzan no resto de España, non só coas de Arzúa.

- Que está moción ten o apoio do grupo político do Partido Popular, excepto nos puntos a os que fixo referencia; e consideramos que a dación en pago debería de condonar a débeda na súa totalidade.

*Polo Sr. alcalde indicase:

- Que para o BNG é importante que se inclúa un punto na moción, que consistiría en instar a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado para que proceda á modificación da Lei Hipotecaria e que esa modificación tenga efectos retroactivos para dar solución a este problema. Sen a inclusión deste punto nós non poderíamos votar a favor.

- Que cre que deberíamos modificar un pouco o que se insta ao concello, porque tería que preguntarse se el é quen de contradicir unha orde dun xuíz.

- Que tiñamos pensado presentar por urxencia outra moción, sobre este tema dos desafuzamentos, e na nosa habería que incluír estes tres puntos que lle parecen máis axeitados:

1.- A creación dunha comisión especial para atender os casos desafiuzamentos, composta polos responsables dos servizos sociais, voceiros municipais e plataformas contra os desafuzamentos, estudando posibilidades de axudas ao aluguer, axudas para evitar os custos de subministros básicos como auga, gas ou luz, e axudas para alimentación.

2.- Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posibles desafuzamentos, que afecten a familias do Concello, a paralización dos que estean en marcha e a súa colaboración coa comisión municipal creada para casos de desafuzamentos.

3.- No suposto de falta de colaboración das entidades bancarias co concello, proceder -na medida en que sexa posible e non prexudique a veciñas e veciños- a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao concello.

- Que cre que son tres puntos nada difíciles de aceptar, o único punto problemático para o PP e para o PSOE sería o de aceptar o carácter retroactivo da modificación da Lei Hipotecaria, pero se iso non se acepta non vai haber acordo.

*Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indicase:

- Que non ten ningún problema en aceptar eses puntos, de feito esta moción fíxoa o partido, e ela non ten ningún problema en cambiala.

- Que, para o tema do carácter retroactivo, tampouco ten problema; o que pasa é que pode ser un tema complicado, porque hai accións que xa están executadas hai tempo.

*Polo Sr. Orois Valiño indícase:

- Que unha lei cando é retroactiva ven vulnerando un pouco o principio de legalidade; porque estamos falando de contratos entre un particular e o banco.

- Que a retroactividade parécelle fantástica, pero xuridicamente é de moi difícil aplicación, porque pode vulnerar o principio de legalidade, é por iso PSOE e o PP son contrarios.

- Que nós apoiamos a moción, pero non a inclusión en dita moción de algo que é ilegal.

*Polo alcalde indícase:

- Que a impresión que ten –e tamén cre que a da maioría dos cidadáns- é que as cousas cambianse cando convén aos poderes económicos. Hai pouco cambiouse a constitución e era lago impensable que alguén se puxera de acordo para cambiala.

- Que xa deixou claro desde o principio que para eles é moi importante o punto da retroactividade.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde indicou que ía a someter a votación as propostas contidas na moción presentada pola Sra. Balado Conde, pero coas modificacións realizadas polo grupo político do Bloque Nacionalista Galego.

Manifestando a Sra. Balado Conde que ela estaba de acordo; mentres que o Sr. Orois Valiño indicou que o grupo político do Partido Popular está de acordo no esencial, excepto coa previsión de que a modificación da Lei Hipotecaria teña efectos retroactivos.

Respondendo o Sr. alcalde que se non se aproba o da retroactividade terán que votar en contra da moción.

E sometida a votación ordinaria esta moción, coas modificacións propostas polo grupo político do Bloque Nacionalista Galego;

Adoptouse –por sete votos a favor (6 de BNG e 1 do PSdeG- PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do PP- o acordo de aprobar as cinco propostas de acordo que contén dita moción, coas modificacións propostas; polo que, en consecuencia, os acordos adoptados serían os seguintes:

Primeiro.- Instar ao Goberno central a unha rápida e contundente modificación legislativa do procedemento xudicial hipotecario neste país, incluíndo unha moratoria total ou parcial, sen intereses engadidos, das débedas hipotecarias sobre vivenda habitual, a favor das persoas que se atopen en situación de insolvencia sobrevida de boa fe, de tal xeito que se eviten procedementos xudiciais hipotecarios, poxas de vivendas e desafuzamentos que están a deixar na rúa a miles de familias.

Segundo.- Instar ao Goberno para que adopte as medidas necesarias para que, nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, se aplique a dación en pago, regulada no artigo 140 da Lei Hipotecaria, de tal xeito que, a elección do

debedor, se poida cancelar, sen execución hipotecaria, a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que isto non fora pactado ao formalizarse a hipoteca.

Terceiro.- Instar ao Goberno para que se adopten todo tipo de medidas tendentes a que os poderes públicos dean cumprimento efectivo ao mandato do art. 47 da Constitución Española, e se estuden saídas xustas á cuestión das vivendas baleiras.

Cuarto.- Dar traslado destes acordos ao Parlamento Autonómico de Galicia, así como ao Congreso e ao Senado.

Quinto.- Máis aló das medidas de competencia estatal, propor a adopción das seguintes medidas para emprender a nivel municipal:

5.1. Eliminación do imposto municipal de plusvalía para as persoas afectadas que sufran a perda da súa vivenda en poxa, e para aquelas que logren a dación da vivenda en pago, naqueles supostos que a lei así o permita.

5.2. Revisión dos protocolos de actuación de Servizos Sociais nos casos de desafiuzamento, e colaboración á hora de pedir aos xuíces a suspensión do desafiuzamento, cando este sexa por motivos económicos e se refira á vivenda única e habitual.

5.3. Non poñer ningún axente da Policía Local a disposición das ordes de desafiuzamento.

5.4. Interpelar ás entidades financeiras que operan no municipio, para esixirlles a paralización dos desafiuzamentos e a condonación de débedas ilexítimas froito do actual proceso de execución hipotecaria, coa indicación de que en caso contrario, procederase á retirada dos fondos municipais de ditas entidades.

5.5. Colaboración dos servizos xurídicos do Concello en todos os casos que o requiran.

5.6. Facultar ao alcalde-presidente para exercitar as accións legais que procedan en defensa dos dereitos da veciñanza de Arzúa.

5.7. A creación dunha comisión especial para atender os casos desafiuzamentos, composta polos responsables dos servizos sociais, voceiros municipais e plataformas contra os desafiuzamentos, estudiando posibilidades de axudas ao aluguer, axudas para evitar os custos de subministros básicos como auga, gas ou luz, e axudas para alimentación.

5.8. Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posibles desafiuzamentos, que afecten a familias do Concello, a paralización dos que estean en marcha e a súa colaboración coa comisión municipal creada para casos de desafiuzamentos.

5.9. No suposto de falta de colaboración das entidades bancarias co concello, proceder -na medida en que sexa posible e non prexudique a veciñas e veciños- a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao concello.

Sexto.- Instar á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, e que esa modificación teña efectos retroactivos nos procedementos xudiciais hipotecarios a que se refire esta moción.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL.

Punto 1º) DAR CONTA DOS DOUS DECRETOS DITADOS POLO ALCALDE, CON DATA 2 DE NOVEMBRO DE 2012, SOBRE REESTRUTURACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS A FAVOR DOS TENENTES DE ALCALDE EN DETERMINADAS MATERIAS, ASÍ COMO SOBRE DESIGNACIÓN DE CONCELEIROS DO GRUPO POLÍTICO DO BNG NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA EMISORA DE RADIO.

Polo secretario informase que tales decretos foron no seu día notificados a todos os concelleiros; sendo o seu contido o seguinte:

*Decreto ditado o día 2 de novembro de 2012 (resolución nº 1) sobre reestruturación da Xunta de Goberno Local e delegacións a favor dos tenentes de alcalde en determinadas materias:

“Tendo en conta:

a) *Que na sesión que celebrou o Pleno do Concello o día 31 de maio de 2012, cando se someteu a aprobación da Corporación Local o orzamento municipal, presentado por este alcalde para o presente exercicio económico, así como o cadro de persoal ao servizo desta entidade local, os concelleiros do mesmo grupo político Sres. Bermúdez Taboada e García Couso votaron en contra da súa aprobación.*

b) *Que na sesión que celebrou o Pleno do Concello o día 12 de xuño de 2012, cando se someteu a votación unha cuestión de confianza, vinculada á aprobación do orzamento municipal, os mesmos dous concelleiros non outorgaron a confianza ao alcalde, absténdose en dita votación; o cal impediu que poidera aprobarse o orzamento municipal, dado que unha concelleira do grupo político do Partido Popular abstiverase; e nunha segunda votación decidiría o voto de calidade do alcalde.*

c) *Que a postura dos Sres. Bermúdez Taboada e García Couso ven sendo a de desprestixiar a este alcalde, terxiversar datos e manchar a imaxe do goberno de Arzúa.*

Considerando que o artigo 23 nº 1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón que “a Xunta de Goberno Local intégrase polo alcalde e un número de concelleiros non superior ao tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno”.

(En sentido semellante dispónse no artigo 35 nº 1 e 2 do Regulamento Orgánico Municipal e no artigo 52 nº 1, 2 e 3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais).

Considerando que o artigo 23 nº 3 da mesma Lei 7/1985 dispón que “Os tenentes de alcalde son libremente designados e removidos polo alcalde, de entre os membros da Xunta de Goberno Local”

(En sentido semellante dispónse no artigo 33 nº 1 e 3 do Regulamento Orgánico Municipal e no artigo 46 nº 1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais).

Considerando que o artigo 31 nº 7 do Regulamento Orgánico Municipal dispón que “o alcalde pode revocar ou modificar as delegacións efectuadas, coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento”.

*Esta alcaldía **RESOLVEU**:*

***Primeiro.**- Cesar como membro da Xunta de Goberno Local ao concelleiro don Leonardo Bermúdez Taboada; pasando a quedar integrada dita Xunta polos seguintes membros: dona María del Carmen Torreiro González, dona Aurora Varela Duro e dona Natalia Pereira Rey, xuntamente con este alcalde.*

***Segundo.**- Consecuentemente, coa perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local, o Sr. Bermúdez Taboada deixará de ostentar a condición de segundo tenente de alcalde; o cal motiva que ostentaran a condición de tenentes de alcalde os membros da Xunta de Goberno Local, polo seguinte orde:*

- Primeira tenente de alcalde.- dona María del Carmen Torreiro González*
- Segunda tenente de alcalde.- dona Aurora Varela Duro*
- Terceira tenente de alcalde.- dona Natalia Pereira Rey.*

***Terceiro.**- Delegar expresamente nas tenentes de alcalde –que quedaron designadas mediante esta mesma resolución e polo orde do seu nomeamento-, a totalidade das funcións e das facultades correspondentes á Alcaldía, -incluso a de ditar resolucións-, para os casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite ao alcalde para o desempeño das súas funcións.*

Igualmente desempeñarían as funcións de alcalde, nos supostos de vacante na alcaldía, ata que tomase posesión o novo alcalde.

Tratándose, en consecuencia, dunha substitución persoal, do desempeño das atribucións propias do cargo, ata que poidera incorporarse o novo alcalde, e operando estas substitucións de forma automática.

***Cuarto.**- Modificar o réxime de delegacións que se establecera a través do decreto ditado o día 11 de xullo de 2011, co número 3, aos sos efectos de revocar as delegacións específicas que se efectuaran a favor dos seguintes concelleiros:*

- *Don Leonardo Bermúdez Taboada.- En materia de obras e servizos, e*
- *Don Inacio García Couso. En materia de deportes.*

Polo que, en consecuencia con esta revocación, se concreta agora que as materias previstas naquel decreto de 11 de xullo de 2011, que foron obxecto de delegación, quedarán delegadas nas seguintes concelleiras:

1) A favor de dona María del Carmen Torreiro González:

- Urbanismo*
- Comercio*
- Turismo*
- Formación e promoción económica.*

- *Facenda Local.*

2) *A favor de dona Natalia Pereira Rey:*

- *Cultura*
- *Educación*
- *Mocidade*
- *Medio Ambiente.*
- *Deportes.*

3) *A favor de dona Aurora Varela Duro:*

- *Benestar social*
- *Consumo*
- *Sanidade.*

Reservandose o alcalde a competencia nas seguintes materias:

- *Persoal e Réxime interior.*
- *Policía*
- *Seguridade cidadana*
- *Normalización lingüística*
- *Obras*
- *Servizos.*

Quinto.- *En consecuencia co previsto nos puntos anteriores, queda derogado o decreto ditado por este alcalde o día 11 de xullo de 2011, co número 1, así como o punto segundo do decreto ditado ese mesmo día co número 2; e igualmente queda modificado o punto primeiro do decreto ditado por este alcalde tamén ese día 11 de xullo de 2011, co número 3, pero soamente nos termos previstos no punto cuarto do presente decreto.*

Sexto.- *Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, e publicarse no Boletín Oficial da Provincia; previamente, notificarse aos concelleiros referidos nesta resolución, que surtirá os seus efectos desde o mesmo día da notificación.”*

**Decreto ditado o día 2 de novembro de 2012 (resolución nº 2) sobre designación de concelleiros do grupo político do Bloque Nacionalista Galego nas Comisións informativas e no Consello de Administración da Emisora de Radio.*

“*Decidindo:*

a) *Cesar como membro da Xunta de Goberno Local e, en consecuencia, como tenente de alcalde a don Leonardo Bermúdez Taboada, así como revocar a delegación específica que tiña efectuada ao seu favor (polo decreto número 3 de data 11 de xullo de 2011) en materia de obras e servizos.*

b) *Revocar a delegación específica en materia de deportes que tiña efectuada (a través desde mesmo decreto) a favor de don Jose Ignacio García Couso.*

E iso polos motivos expostos noutro decreto previo ao presente, ditado con esta mesma data.

Tras consulta efectuada cos outros tres membros do grupo político do Bloque Nacionalista Galego, Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sra. Pereira Rey, que representamos a maioría do grupo político, decidimos de común acordo que a designación de membros do grupo nas Comisións informativas e no Concello de Administración da Emisora municipal de radio, sexa modificada, con respecto á que se propuxera na sesión plenaria do día 26 de agosto 2011; quedando da seguinte forma:

A) Na Comisión Especial de Contas e de Economía e Facenda:

- 1. Dona María del Carmen Torreiro González*
- 2. Dona Aurora Varela Duro*
- 3. Dona Natalia Pereira Rey.*

B) Na Comisión de urbanismo, deportes, cultura, benestar social e promoción económica:

- 4. Dona María del Carmen Torreiro González*
- 5. Dona Aurora Varela Duro*
- 6. Dona Natalia Pereira Rey.*

C) Na comisión para os restantes asuntos do Pleno e control da xestión municipal:

- 1. Dona María del Carmen Torreiro González*
- 2. Dona Aurora Varela Duro*
- 3. Dona Natalia Pereira Rey.*

D) No Consello de Administración da Emisora municipal de radio, na que o grupo político estará representado por dous concelleiros, conforme ao tratado na sesión plenaria:

- 1. Dona Aurora Varela Duro*
- 2. Dona María del Carmen Torreiro González.*

En consecuencia co anteriormente exposto;

E tendo en conta que o artigo 48 n° 5 do Regulamento Orgánico Municipal dispón que “as comisións informativas serán presididas polo alcalde, podendo esta delegar a presidencia en calquera membro da Xunta de Goberno Local”

*Esta Alcaldía **RESOLVEU:***

***Primeiro.**- Delegar a favor de dona María del Carmen Torreiro González a presidencia efectiva da Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda e da Comisión de urbanismo, deportes, cultura, bienestar social e promoción económica; por canto que dita concelleira ten a condición de ser membro da Xunta de Goberno Local; mantendo en dona Aurora Varela Duro a presidencia efectiva da Comisión para os restantes Asuntos do Pleno e control da xestión municipal.*

Segundo.- Revocar, en consecuencia, a delegación que efectuara (na sesión plenaria do día 26 de agosto de 2011) a favor do Sr. Bermúdez Taboada, para que desempeñase a presidencia efectiva da Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda e da Comisión de urbanismo, deportes, cultura, benestar social e promoción económica.

Terceiro.- Que para o suposto de que algunha das tres concelleiras que integran as tres comisións indicadas, non poidera acudir a algunha das sesións convocadas de ditas comisións, actuará como suplente este alcalde, sen asumir a presidencia efectiva das comisións en que se integrase.

Cuarto.- Notificar esta resolución aos restantes membros das comisións informativas das que formaban parte os Sres. Bermúdez Taboada e García Couso, para o seu debido coñecemento, no suposto de que tales comisións houberan de celebrar algunha sesión con anterioridade á vindeira sesión plenaria onde se dará conta desta resolución.

Quinto.- Notificar esta resolución aos concelleiros referidos na mesma, facéndolles saber que os seus efectos produciranse desde o mesmo día da notificación; sen prexuízo de dar conta ao Pleno de dita resolución na primeira sesión que celebre, e de ser publicada no Boletín Oficial da Provincia”

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados do contido de ambos decretos.

Punto 2º) DAR CONTA DO DECRETO DITADO POLO ALCALDE, CON DATA 20 DE NOVEMBRO DE 2012, SOBRE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE DURANTE TRES DÍAS.

Polo Sr. alcalde informase que dito decreto foi ditado para que a primeira tenente de alcalde, Sra. Torreiro González, poidera asumir as funcións do alcalde durante tres días, ao ter que atender el nese tempo a súa nai, por razón dunha enfermidade sobrevida; sendo o contido de dito decreto o seguinte:

“Tendo que ausentarse do municipio de Arzúa este alcalde, durante os días 21, 22 e 23 do presente mes de novembro, por ter que atender a súa nai que se atopa internada no Hospital Clínico de Santiago.

Como queira que o réxime de delegacións efectuadas pola Alcaldía a favor dos tenentes de alcalde (designados en virtude do Decreto de data 2 de novembro de 2012) comprendía tamén a totalidade das funcións e das facultades correspondentes á Alcaldía incluso a de ditar resolucións, para os casos de ausencia, enfermidade, vacante ou impedimento que imposibilitase ao alcalde para o desempeño das súas funcións.

Esta Alcaldía **RESOLVEU:**

Primeiro.- *Delegar na primeira tenente de alcalde dona María del Carmen Torreiro González as funcións e facultades correspondentes á Alcaldía a que se fixo referencia, para que poidan ser exercitadas durante o período indicado, por razón da ausencia deste alcalde.*

Segundo.- *Notificar a presente resolución á primeira tenente de alcalde, Sra. Torreiro González, para o seu debido coñecemento; facéndolle saber que os seus efectos produciranse desde o mesmo momento da notificación.*

Terceiro.- *Dar conta desta resolución ao Pleno do Concello, na primeira sesión que celebre.”*

Adoptándose –por unanimidad dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

Punto 3º) TOMA DE COÑECIMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2012.

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde dende o día 2 de xullo de 2012 –en que foi ditada a resolución máis inmediata a última de 29 de xuño de 2011 (da cal se dou conta noutra sesión plenaria)- ata a ditada o día 31 de agosto de 2012.

Estando referidas: tanto a primeira resolución (*reflectida no folio 6.894 e volto*) como a última (*reflectida no folio 6.943*) a aprobación de facturas, cuxo importe individualizado e inferior a 3.000 euros, por ser esta a cantidade que se reservara o alcalde para dispoñer de gastos, posto que a aprobación dos gastos que excedan de dito importe –dentro dos límites da súa competencia- foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante o decreto ditado o día 11 de xullo de 2011.

Tras todo o exposto, adoptouse –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

MOCIÓNS

Antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba coa convocatoria desta sesión, e que non teña cabida na rolda de rogos e preguntas.

Manifestando, acto seguido, o Sr. alcalde que hai una moción conxunta que queren presentar os tres grupos políticos representados nesta Corporación Local, para apoiar ás persoas afectadas polas participacións preferentes no noso concello.

Polo que procedeu a dar lectura de dita moción, (*que figura subscripta con data 14 de decembro de 2012 pola voceira do BNG Sra. Varela Duro, o voceiro do PP Sr. Orois Valiño e a representante do PSdeG-PSOE Sra. Balado Conde*); sendo o seu texto o seguinte:

“Exposición de motivos:

A comercialización de produtos financeiros de alto risco supón unha fonte de prexuízos para os pequenos aforradores que, sen a información e coñecemento necesarios, expóñense a sufrir quebrantos no seu aforro a costa do xogo estéril que as entidades financeiras practican con engano. No caso das participacións preferentes as entidades bancarias ofrecéronas mentindo sobre o seu carácter especulativo e perigoso, contando delas que eran un produto de aforro.

Os clientes das participacións preferentes, en boa medida pequenos aforradores, amosaron nos test de conveniencia un fondo descoñecemento dos produtos financeiros, así como a vontade de non mercar produtos con risco. Diversas entidades financeiras fixeron caso omiso da verdadeira natureza deste produto e mentiron aos seus clientes contándolles que as participacións preferentes eran instrumentos sen risco, garantidos e con inmediata liquidez en caso de necesidade. Temos que denunciar que nen a Comisión Nacional do Mercado de Valores nen o Banco de España supervisaron a actuación destas entidades para que fora conforme aos tests de Directiva 2004/39/CE, relativa aos mercados de instrumentos financeiros coa finalidade de protexer aos pequenos investidores respecto de produtos financeiros complexos e altamente especulativos.

Esta situación expón a milleiros de aforradores e aforradoras a perder cantidades substanciais gañadas con anos de traballo, situación na que se atopan veciñas e veciños de Arzúa.

Asemade, o Real Decreto-Lei 24/2012, de 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito non dá unha resposta axeitada á maioría dos cidadáns que investiron en produtos de alto risco.

Xa que logo, está a legalizarse a expropiación dos cartos na súa maior parte de persoas aforradoras, non de especuladores, a través dunha estafa cometida pola banca co engano masivo do que no noso concello e en Galicia foron vítimas milleiros de persoas.

E por isto que os grupos políticos da Corporación Municipal de Arzúa queren chamar a atención dos danos que se producen entre a nosa veciñanza e xa que logo presentan a seguinte proposta de acordo ao Pleno do concello de Arzúa:

Primeiro.- *O Pleno do concello de Arzúa insta ao Goberno do Estado a que de xeito coordinado coa Comisión Nacional do Mercado de Valores revise os test de*

conveniencia, ao obxecto de que o contrato de subscrición de participacións preferentes ou doutros produtos semellantes resten sen efectos legais, no caso de que non foran produtos axeitados ao perfil de coñecemento das persoas contratantes ou non se adecuaran aos riscos que estas persoas manifestaban estar dispostas a asumir.

Segundo.- *O Pleno do concello de Arzúa insta ao Goberno do Estado é a Xunta de Galicia a adoptar as accións oportunas que garantan a devolución do capital inicial a todas as persoas que subscribiron participacións preferentes, logo de manifestar un perfil de investidor de baixa tolerancia ao risco.*

Terceiro.- *O Pleno do concello de Arzúa acorda remitir esta moción ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Presidente do Goberno do Estado e aos Grupos Parlamentarios galegos.”*

Deseguido abriuse unha rolda de debate, durante o cal realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que é inmoral que un goberno, neste caso do PP, permita que se lle roube os aforros a centos de persoas neste país; a persoas humildes e traballadoras, porque se se entregan millóns de euros aos bancos, tamén debería haber diñeiro para devolvelo aos afectados.

- Que mañá o PSOE organiza unha xuntanza cun avogado no recinto multiusos de Arzúa, para que asesore xuridicamente aos afectados, a cuxo acto estades invitados todos; porque no noso concello son moitos os afectados.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar:

- Que en primeiro lugar quere mostrar o seu desacordo coa afirmación realizada pola Sra. Balado Conde respecto ao Partido Popular, porque a maioría das obrigacións subordinadas e participacións preferentes contratáronse cando estaba gobernando o Partido Socialista; o máximo responsable é o Partido Socialista; pero o problema non é o PSOE nin o PP, senón todos os partidos políticos e todos os consellos de administración das entidades bancarias e das caixas, ¿por que non se lles dixo á xente que as preferentes eran perpetuas e indefinidas?, ¿por que non se lle dixo que non as cubría o Fondo de Garantía de Depósitos?, ¿por que non se lle dixo que podían perder todos os cartos?

- Que o engano foi das entidades bancarias, os supervisores non fixeron ben o traballo, nin o Banco de España, nin a Comisión Nacional de Mercado de Valores, nin ningún outro. Se á xente se lle dixera a verdade, que as preferentes eran perpetuas e que só se cobraba intereses se as entidades bancarias tiñan beneficios, ninguén investiría neste produto, e quen tiña que dicir eso á xente era os directores dos bancos e empregados que coñecían os produtos financeiros.

- Que as obrigas subordinadas foi outro produto financeiro do que tampouco se informou debidamente, porque era a propia entidade quen as emitía, e se a entidade daba en quebra o cliente perdía todo o seu produto, porque non estaban garantizadas polo Fondo de Garantía de Depósito.

-Que houbo un engano masivo a esta xente, dise nos medios de comunicación que houbo unha estafa masiva a xente, e hai que preguntarse ¿se houbo unha estafa onde están os responsables?, porque non houbo detidos, imputados, nin procesados.

-Que esta xente está sufrindo por culpa das malas prácticas das entidades bancarias.

- Que o artigo 248 do código penal di que “*cometen estafa los que, con ánimo de lucro, utilizaren engaño bastante para producir error en otro, induciéndolo a realizar un acto de disposición en perjuicio propio o ajeno*”. Esa xente, ten que sufrir un procedemento penal e que se lle vaia despois sobre os bens privados.

- Que a xente de Arzúa sufriu as consecuencias dunhas actividades non inmorais senón ilegais; e se esas actividades son ilegais teñense que pagar non só cos bens da entidade seón cos bens privados.

- Pregunta: ¿se houbo engano e estafa, por qué non se abriron procedementos penais?

- Que a culpa foi dos que eran coñecedores do produto, dos que a través da enxeñería financeira inventaron produtos para enganar á xente que non coñecía este tema.

- Que quen fixo algo polos afectados polas subordinadas e preferentes foi o presidente da Xunta de Galicia o Sr. Nuñez Feijoo, porque a través do establecemento da arbitrase cobrou moita xente e aínda ten que cobrar moita máis. Hai que seguir mantendo a arbitrase para recuperar o 100% do capital da xente que foi enganada, esa é a solución.

-Que hai que esixir que á xente que foi enganada se lle devolva o 100% do capital sen ningún tipo de rebaixa e que a arbitrase continúe, porque é a única vía por onde se pode solucionar esta cuestión, e que respondan ante os xuíces aqueles que presuntamente cometeron unha estafa, pero non ve que ninguén pase polos banquillos, porque aquí ninguén quere meter man aos bancos, e aínda que devolveran o diñeiro habería que ir máis lonxe, a polas consecuencias que produciu toda esta situación nos afectados, porque non lles dixeron o que era a realidade: que as participacións preferentes eran a perpetuidade e que podían perder todo o seu diñeiro. Se hai engano, hai un indicio para cualificar a estafa.

- Que considera que hai que presionar para que a vía da arbitrase se manteña, para que os perxudicados poidan cobrar o 100% do investimento.

*Polo Sr. alcalde indícase:

- Que este tema, dende o punto ético e moral, non hai por onde cóllelo, aproveitáronse da xente maior, que podía ter aforros e tamén do máis débil.

- Que en Arzúa hai entre 80 a 100 afectados, e todos os días os estamos vendo diante de NovaGalicia Banco, sempre as mesmas persoas, pero hai outros aos que lles da vergoña manifestarse, pero quen realmente ten que sentir vergoña e outra xente, non os afectados.

- Que fai un chamamento ao resto dos afectados que deberían estar dando a cara, en non sentir vergoña por algo que non provocaron eles; e tamén fai un chamamento ao resto do pobo de Arzúa para que os apoien.

- Que non é ninguén para dicir a unha persoa o que ten que facer, pero cando hai un conxunto de xente que está perxudicada hai que unir as forzas, e non sentir vergoña por algo que non provocaron eles.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as tres propostas de acordo que contén esta moción.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- O Pleno do concello de Arzúa insta ao Goberno do Estado a que de xeito coordinado coa Comisión Nacional do Mercado de Valores revise os test de conveniencia, ao obxecto de que o contrato de subscrición de participacións preferentes ou doutros produtos semellantes resten sen efectos legais, no caso de que non foran produtos axeitados ao perfil de coñecemento das persoas contratantes ou non se adecuaran aos riscos que estas persoas manifestaban estar dispostas a asumir.

Segundo.- O Pleno do concello de Arzúa insta ao Goberno do Estado é a Xunta de Galicia a adoptar as accións oportunas que garantan a devolución do capital inicial a todas as persoas que subscribiron participacións preferentes, logo de manifestar un perfil de investidor de baixa tolerancia ao risco.

Terceiro.- O Pleno do concello de Arzúa acorda remitir esta moción ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Presidente do Goberno do Estado e aos Grupos Parlamentarios galegos.

*Punto 4º) **ROGOS E PREGUNTAS.***

Antes de ter en conta os rogos e preguntas que se poideran formular, o Sr. alcalde informou de como iba a desenvolverse no sucesivo este punto do orde do día; indicando:

- Que, se as preguntas se formulan oralmente, o secretario tomará nota, e el responderaas na seguinte sesión plenaria.

- Que os dous concelleiros do grupo político do Bloque Nacionalista Galego, que agora xa non pertencen ao equipo de goberno, tamén poderán formular preguntas oralmente, aínda que ao pertencer ao mesmo grupo político, o lóxico é que calquera dúbida que teñan se poida aclarar na Alcaldía.

- Que as preguntas formuladas por escrito, con 24 horas de antelación á sesión, serán contestadas nesa sesión ou, por causas motivadas, na seguinte sesión.

Finalmente o Sr. alcalde quere facer a recomendación de que as sesións das comisións informativas sexan máis breves.

Deseguido o Sr. Orois Valiño na súa condición de voceiro do grupo político do Partido Popular nesta Corporación, formulou por escrito o seguinte **ROGO** ao alcalde:

Que o clube de xubilados de Arzúa fixo uns gastos, que foron aboados polo mesmo a través da conta bancaria que teñen aberta en Novagalicia banco, e que acreditan coas seguintes facturas:

- Factura nº 20120014 de data 10-10-12, emitida por Nieto Puig Luis (Aluminios), por dous pechos de porta, por un importe de 182,04 euros.
- Factura nº 360 emitida por Cociñas Pedreira, pola adquisición dun frigorífico Alaska MR 131, por un importe de 228 euros.

Polo anterior, e ante as limitacións económicas que ten o clube de xubilados, rógase que a través da partida presupuestaria correspondente, se se axusta a dereito, e sempre que sexa posible segundo informe da Intervención; se proceda a subvencionar ou reintegrar as cuantías gastadas por dito clube, e que supoñen unha mellora para o mesmo e os seus usuarios.

(Achega con este escrito copia das facturas).

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. Presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 22.30 h. do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.